

## CICLO DE CONFERENCIAS. PASADOS INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E HISTORIA 2018-2019

O Grupo de Investigación HISTAGRA continua co ciclo de conferencias **PASADOS INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E HISTORIA**, no que participan especialistas da historia, estudos culturais, socioloxía, xudicatura e do pensamento para analizar o pasado e a memoria, así como o seu tratamento presente.

O Grupo de Investigación HISTAGRA (<http://histagra.usc.gal>) ten como un dos seus principais obxectivos o estudo do golpe de 1936, a Guerra Civil, o franquismo e a transición política en España e neste marco de investigación se desenvolverá o ciclo de conferencias.

Damos continuidade ao ciclo que comezamos en xaneiro de 2014. A experiencia investigadora e profesional de cada un dos conferenciantes é contrastada o que supón compartir unha experiencia de investigación e posta en valor dun tema como é o do pasado da guerra e a memoria que segue a ser un dos vértices das políticas públicas e da investigación histórica. O ciclo servirá para dar a coñecer e difundir novas perspectivas e contrastar puntos de vista e achegas sobre o pasado incómodo e o seu tratamento actual.

### PROGRAMA:

**28/11/2018**

Título: Las herencias culturales y políticas de los  
nacionalismo franquistas  
Relator: Ismael Saz (U. Valencia)  
Hora: 12 h  
Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

**31/01/2019**

Título: Relatos en conflicto sobre el posfranquismo: Una  
memoria sin historia.  
Relator: Emilio Majuelo (UPNA)  
Hora: 12 h.  
Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

**14/03/2019**

Título: En torno al libro El mito de la transición pacífica.  
Violencia y política en España (1975-1982)  
Relatora: Sophie Baby (U. Bourgogne, Francia)  
Hora: 12 h  
Lugar: Facultade de Historia. Aula 15

**23/04/2019**

Título: La representación del "enemigo" en  
Euskadi y el Ulster durante los años de plomo, 1968-  
1981  
Relatora: Barbara van der Leeuw (EHU)  
Hora: 12 h  
Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

Patrocina:



**UNIÃO EUROPEIA**

Fundo Europeu de  
Desenvolvemento Regional

## RELATORXS



**28/11/2018**


Título: Las herencias culturales y políticas de los nacionalismos franquistas

Relator: Ismael Saz (U. Valencia)

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

Ismael Saz Campos catedrático de historia contemporánea da Universitat de València, especializado no falanxismo e a ditadura franquista. Conceptualizou ao franquismo como unha “ditadura fascistizada”. A súa labor investigadora céntrase en desentrañar a natureza e as dinámicas internas do franquismo ademais de traballar o ambiente da extrema dereita europea dos anos 20, 30 e 40. Entre os seus traballos destaca: *España Contra España* (2013); *Del franquismo a la democracia: 1936-2013* (Coord., 2015); *Izquierdas y derechas ante el espejo: culturas políticas en conflicto* (ed., 2016)



**31/01/2019**

Título: Relatos en conflicto sobre el posfranquismo:  
Una memoria sin historia.

Relator: Emilio Majuelo (UPNA)

Hora: 12 h.

Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

Emilio Majuelo Gil é doutor en Historia Contemporánea e profesor da Universidad Pública de Navarra desde 1995. A súa actividade investigadora está relacionada coa historia social, a historia política e a historiografía contemporánea, especialmente dirixida a análise dos movementos sociais e sindicais, a represión durante a guerra civil e historiografía vasca moderna. Na actualidade dirixe o proxecto “Fondo Documental de la Memoria Histórica de la represión en Navarra durante la guerra civil y el franquismo 1936-1975”.

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvemento Regional

**14/03/2019**

Título: En torno al libro El mito de la transición pacífica. Violencia y política en España (1975-1982)

Relatora: Sophie Baby (U. Bourgogne, Francia)

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula 15



Sophie Baby é doutora en historia e profesora na université de Bourgogne (Francia). Especialista no mundo iberoamericano, reflexiona na súa investigación sobre os problemas da violencia política na sociedade contemporánea, dispositivos de saída de conflitos, modalidades de reconciliación nacional, papel da lei, figura da vítima....). Membro do centro Georges Chevrier (FRE UB CNRS 3499), participa no grupo de investigación sobre violencia extrema. Entre os seus últimos traballos atópase, *El mito de la transición pacífica* (2018)

**23/04/2019**

Título: La representación del "enemigo" en Euskadi y el Ulster durante los años de plomo, 1968-1981

Relatora: Barbara van der Leeuw (EHU)

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula 13



Bárbara van der Leeuw é doutora en historia contemporánea coa tese “Políticas de la agonía. Regionalismos y nacionalismos en Europa (1823-1940)”. As súas liñas de investigación son: O xurdimento e a evolución dos movementos rexionalistas e nacionalistas en Europa nos séculos XIX e XX en perspectiva comparada e o “cultivo da cultura” no século XIX e a construcción de identidades territoriais no País Vasco, Flandes e Frisia.

Patrocina:



**UNIÃO EUROPEIA**

Fundo Europeu de  
Desenvolvimento Regional